# QUE PINTAS NESTA FESTA?

## UN OBRADOIRO DE DEBUXO E ACUARELA PARA XENTE FESTEIRA



CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

Sábado 29 de xuño de 2024

Horario: de 11:00 a 13:30 h

Este taller, en colaboración co barrio de San Pedro, propón unha incursión nas súas festas a través dunha visita debuxada. Unha exploración do barrio guiada pola relación entre a observación e o bosquexo.

Iniciaremos a xornada cunha aula teórica no CGAC con proxección de imaxes e trataremos técnicas de debuxo rápido. A continuación, sairemos a debuxar cunha proposta de encadre e acomodarémonos nunha localización que nos faga partícipes das festas: unha terraza de bar, un banco de rúa, un portal, o chan… En caso de choiva, teremos prevista unha localización alternativa con vistas á rúa.

Pasearemos e rexistraremos rúas, edificios e persoas a través do apuntamento rápido a cor. Usaremos acuarela, rotuladores e pinceis sobre cadernos de man.

Observaremos desde diferentes perspectivas como a rúa muda de estado e de humor ao longo da mañá e como se viste de festa. Poremos especial atención nas emocións vibrantes ou recollidas que desprende o ambiente. Este será o material de traballo da nosa pintura.

Proporemos ópticas diferentes e distorsionadas para que cada participante realice o seu debuxo de rúa: unha perspectiva única, un marco de encadre, gafas con filtro de cor, gafas calidoscópicas, lentes borrosas…

Sabemos que cando debuxamos vemos máis. Ao abordar este exercicio, a mirada amplíase e concéntrase. Afinamos a percepción, decatámonos dos detalles e achegámonos á artista ou ao artista que levamos dentro. A experiencia ofreceranos novas caras e diversas miradas e modos de interpretar estas populares festas.

Este taller, en colaboración con el barrio de San Pedro, propone una incursión en sus fiestas a través de una visita dibujada. Una exploración del barrio guiada por la relación entre la observación y el bosquejo.

Iniciaremos la jornada con una clase teórica en el CGAC con proyección de imágenes y trataremos técnicas de dibujo rápido. A continuación, saldremos a dibujar con una propuesta de encuadre y nos acomodaremos en una localización que nos haga partícipes de las fiestas: una terraza de bar, un banco de calle, un portal, el suelo… En caso de lluvia, tendremos prevista una localización alternativa con vistas a la calle.

Pasearemos y registraremos calles, edificios y personas a través del apunte rápido en color. Usaremos acuarela, rotuladores y pinceles sobre blocs de mano.

Observaremos desde diferentes perspectivas cómo la calle cambia de estado y de humor a lo largo de la mañana y cómo se viste de fiesta. Pondremos especial atención a las emociones vibrantes o recogidas que desprende el ambiente. Este será el material de trabajo de nuestra pintura.

Propondremos ópticas diferentes y distorsionadas para que cada participante realice su dibujo de calle: una perspectiva única, un marco de encuadre, gafas con filtro de color, gafas calidoscópicas, lentes borrosas…

Sabemos que cuando dibujamos vemos más. Al abordar este ejercicio, la mirada se amplía y se concentra. Afinamos la percepción, nos percatamos de los detalles y nos acercamos a la artista o al artista que llevamos dentro. La experiencia nos ofrecerá nuevas caras y diversas miradas y modos de interpretar estas populares fiestas.

MARÍA MEIJIDE (Santiago de Compostela, 1978) é licenciada en Belas Artes coa especialidade de Pintura pola Universidade de Sevilla. Cursou un mestrado en Pintura na Facultade de Belas Artes da Universida de Lisboa cunha tese

MARÍA MEIJIDE (Santiago de Compostela, 1978) es licenciada en Bellas Artes con la especialidad de Pintura por la Universidad de Sevilla. Cursó un máster en Pintura en la Facultad de Bellas Artes de la Universidad Lisboa, con una

de fin de mestrado titulada *Intimidades próprias e alheias. Sobre a pintura de cenas de interior*. Cursou o mestrado de Obra Gráfica da Fundación CIEC nos módulos de serigrafía, litografía, calcografía e xilografía.

É unha artista plástica consolidada no panorama galego, especializada en pintura figurativa de gran formato e cadernos de viaxes. O seu traballo é vivo, colorista e de trazo autobiográfico, cunha ampla traxectoria en proxectos expositivos nacionais e internacionais.

Publicou dous cadernos de viaxes de gran percorrido e unha cartografía emocional de Compostela. A súa última publicación é unha peza en formato caderno*, Autobiografía cuantificada ou que difícil é ser maría meijide,* coeditada por Tulipa Editorial.

Recentemente foi galardoada co Premio Internacional de Arte Gráfica Jesús Núñez na súa décimo sexta edición.

www.mariameijide.com

tesis de fin de máster titulada *Intimidades próprias e alheias. Sobre a pintura de cenas de interior.* Cursó el máster de Obra Gráfica de la Fundación CIEC en los módulos de serigrafía, litografía, calcografía y xilografía.

Es una artista plástica consolidada en el panorama gallego, especializada en pintura figurativa de gran formato y cuadernos de viajes. Su trabajo es vivo, colorista y de trazo autobiográfico, con una amplia trayectoria en proyectos expositivos nacionales e internacionales.

Ha publicado dos cuadernos de viajes de gran recorrido y una cartografía emocional de Compostela. Su última publicación es una pieza en formato cuaderno, *Autobiografía cuantificada ou que difícil é ser maría meijide*, coeditada por Tulipa Editorial.

Recientemente fue galardonada con el Premio Internacional de Arte Gráfico Jesús Núñez en su decimosexta edición.

www.mariameijide.com

MATERIAL: Entregaremos papel e soporte para o traballo. As persoas participantes deberán traer acuarelas, pinceis, un bote para a auga e un rotulador de punta fina tipo Rotring resistente á auga para poder combinar coa acuarela.

PERSOAS DESTINATARIAS: O obradoiro está dirixido a persoas maiores de 15 anos e público adulto. Non é preciso ser profesional, calquera persoa pode debuxar.

PRAZAS: 15

INSCRICIÓN: A participación no obradoiro é de balde. As persoas interesadas poden enviar unha mensaxe electrónica a cgac.educacion@xunta.gal na que deberán indicar o seu nome completo, estudos, área de traballo ou interese, un enderezo electrónico e un teléfono de contacto. Cada solicitante recibirá unha mensaxe electrónica de confirmación. Poderán inscribirse un máximo de dous participantes por solicitude. As prazas cubriranse por orde de inscrición.

PRAZO DE INSCRICIÓN: do 10 ao 26 de xuño de 2024

MATERIAL: Entregaremos papel y soporte para el trabajo. Las personas participantes deberán traer acuarelas, pinceles, un bote para el agua y un rotulador de punta fina tipo Rotring resistente al agua para poder combinar con la acuarela.

PERSONAS DESTINATARIAS: El taller está dirigido a personas mayores de 15 años y público adulto. No es preciso ser profesional, cualquier persona puede dibujar.

PLAZAS: 15

INSCRIPCIÓN: La participación en el taller es gratuíta. Las personas interesadas pueden enviar un mensaje electrónico a cgac.educacion@xunta.gal en la que deberán indicar su nombre completo, estudios, área de trabajo o interés, una dirección de correo electrónico y un teléfono de contacto. Cada solicitante recibirá un correo electrónico de confirmación. Podrán inscribirse un máximo de dos participantes por solicitud. Las plazas se cubrirán por orden de inscripción.

PLAZO DE INSCRIPCIÓN: del 10 al 26 de junio de 2024

CGAC Centro Galego de Arte Contemporánea

DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES E EDUCACIÓN
Rúa Ramón del Valle Inclán 2
15703, Santiago de Compostela
Tel.: 981 546 602/31
cgac.educacion@xunta.gal / www.cgac.xunta.gal